

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN DORZÁN, PARA PRESTAR SERVIZO DE APOIO DOMICILIARIO MEDIANTE O PROGRAMA “VOLTA A CASA”.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa FUNDACIÓN DORZÁN o instrumento convencional arriba referido con vixencia de catro anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións que deben darse para proceder a prestar un conxunto de atencións de carácter socio sanitario con carácter temporal e no seu domicilio, a aqueles maiores que, tras recibir a alta hospitalaria, precisen de axuda externa para o desenvolvemento das actividades da vida diaria co fin de manter e estabilizar a calidade de vida, que viñan gozando antes do seu ingreso hospitalario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Na idea de ofrecer un servizo de atención rápida no domicilio, baixo o principio de temporalidade, que asegure a atención necesaria ás situacións urxentes ou de extrema necesidade e na idea de crear un sistema áxil e operativo para dar resposta a situacións urxentes ocasionadas por altas hospitalarias que necesitan dun apoio inmediato, porque o maior precisa de apoios dunha terceira persoa e carece desta ou pode ter dificultades para asumir os coidados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 31 de outubro de 2017.